

**2007**

Ano Xubilar de  
San Rosendo

# DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

XI CENTENARIO DO NACEMENTO DE SAN ROSENDO (907-2007)



***MISA ESTACIONAL  
PARA O ANO XUBILAR  
DE SAN ROSENDO***

**2006 - NOVEMBRO - 2007**

**Convocatoria do Excmo. e Rvdmo. Sr. D. Manuel Sánchez Monge, Bispo de Mondoñedo-Ferrol, co gallo do XI Centenario do Nacemento de San Rosendo (907-977)**

Queridos diocesanos:

No ano 2007 celebraremos, se Deus quere, o XI Centenario do nacemento de San Rosendo, unha das máis ilustres figuras do século X en Galicia, bispo en San Martiño de Mondoñedo e patrón da nosa diocese mindoniense-ferrolana. Destacou como un gran impulsor do monacato en Galicia, manténdose, na súa organización, equidistante entre as formas antigas, representadas polos mosteiros inspirados en San Fructuoso, e as formas novas, vencelladas a San Bieito, do que coñeceu a súa Regra. Tamén foi unha persoa comprometida coa realidade histórico-social desta fermosa terra galega, destacando o seu labor pacificador. Os seus restos mortais reposan no Mosteiro de Celanova, fundado por el, na diocese de Ourense.

Consideramos que este acontecemento debe ter unha forte repercusión na nosa diocese e en Galicia enteira. Xunto co Bispo da diocese irmá de Ourense, pedín á Santa Sé que de novembro de 2006 a novembro de 2007 poidamos celebrar un Ano Xubilar, cos beneficios espirituais que implica. As visitas ós lugares nos que se poidan gañar a indulxencia que esperamos nos sexa concedida pola Santa Sé e a peregrinación diocesana ó Mosteiro de San Salvador de Celanova serán ocasións privilexiadas para achegarnos un pouco máis ó Señor da man de San Rosendo. As datas daranse a coñecer oportunamente.

San Rosendo, sendo bispo de Mondoñedo, contan os seus biógrafos “cómo engrandeceu á súa Igrexa, canto honestamente tratou ó clero, con canta dilixencia restaurou os lugares de culto, con canta preocupación axudou cos beneficios da súa propia heranza a viúvas e orfos, ós que viñan a instalarse naquela comarca e ós

**Foto:** San Rosendo. Igrexa de Santo Tirso (Portugal).

estraños que pasaban por alí. Era o seu rostro anxelical, e a súa palabra como o mel pola dozura da súa pronunciación”.

Unidos, como diocese, temos que dispoñernos a vivir un momento de renovación espiritual e a tomar conciencia do que significa vivir nunha Igrexa particular onde se fai presente e operante a Igrexa unha, santa, católica e apostólica. Dentro dela ten un lugar especial o ministerio do Bispo como promotor da comunión e da misión.

Por outra parte, non podemos esquecer a faceta cultural e social do noso santo Patrón, dun forte impacto no pobo galego. A figura de San Rosendo meréceo e Galicia non pode esquecer o seu pasado se quere construír con lucidez o seu futuro.

Entre as actividades culturais pretendemos organizar un Congreso Internacional sobre San Rosendo e o seu tempo. Tamén queremos sacar adiante unha coidada Exposición na Catedral de Mondoñedo e outra sobre a figura de San Rosendo en Ferrol. Non faltará na conmemoración algún tipo de obra social que perpetúe a memoria deste acontecemento nalgún lugar da nosa diocese.

Para as múltiples actividades que queríamos levar a cabo, precisamos a colaboración de todos. Non só das autoridades municipais e autonómicas; tamén dos sacerdotes, consagrados e leigos. A Comisión nomeada para tal efecto animará e coordinará as diversas actividades en orde a que se acaden, coa axuda de Deus, os obxectivos que nos propuxemos.

iDeamos gracias a Deus polo noso Patrón S. Rosendo e aproveitemos o Ano Xubilar na súa honra para coñecelo máis a fondo e para renovar a nosa vida espiritual e a nosa conciencia de Igrexa diocesana!

Con todo afecto saúdavos e bendícevos o voso Bispo.

+ Manuel Sánchez Monge, Bispo de Mondoñedo-Ferrol  
Mondoñedo, na Festa de San Xoán de Ávila de 2006



## 2 DECRETOS DA SANTA SÉ CONCEDENDO AS INDULXENCIAS XUBILARES